

Mestre de aula ordinaria.

O mestre de aula, titor e/ou especialista de área, é o que ten o alumno/a na súa aula e, polo tanto, o responsable de axudarlle a que acade os obxectivos establecidos con carácter xeral e responsable tamén de potenciar as capacidades do alumno. O titor/a será o encargado de coordinar todo o proceso, pero o mestre, especialista ou non, é o responsable da elaboración e posta en práctica das medidas necesarias na súa aula e área concreta.

Entre as funcións destacamos:

- Colaborar na elaboración dos diferentes documentos do proxecto educativo, aportando ideas, criterios e respostas á atención á diversidade.
- Elaborar a súa Programación de Actividades e Tarefas tendo en conta as características xerais e individuais dos seus alumnos e alumnas seguindo as directrices deste plan.
- Participar con todo o equipo de profesores na resposta á diversidade.
- Partindo da avaliación inicial, e da psicopedagóxica se é o caso, da resposta concreta ás necesidades identificadas seguindo o proceso de menor a maior significatividade.

Mestre/a especialista en pedagogía terapéutica (PT) e en Audición e Linguaxe (AL).

É o nexa de unión entre o mestre/a de aula, alumno/a, pais/nais, orientador/a e profesionais relevantes na atención á diversidade no centro. Tendo en conta que o PT e o AL encargaranse prioritariamente dos alumnos/as que presentan dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, as súas funcións son as seguintes:

- As derivadas da súa pertenza ao Departamento de Orientación.
- Colaboración co orientador/a na avaliación e valoracións de necesidades no proceso de avaliación psicopedagóxica.
- Intervención directa cos alumnos/as que o precisen como resultado das avaliación psicopedagóxica pertinente mediante accións programadas. Poderán ser tanto na aula ordinaria (co grupo aula, pequeno grupo, preferentemente homoxéneo, para dar resposta adecuada ás súas necesidades, ou de forma individual) como na aula de apoio (de forma individual ou en pequenos grupos).

- O/A profesor/a de PT e/ou de AL participará na elaboración do plan de reforzo individual dos alumnos/as que apoia, así como na elaboración das adaptacións curriculares significativas.
- Na aula de PT e na de AL figurará un rexistro de cada alumno/a atendido na mesma, onde se fará constar entre outros, as liñas metodolóxicas e os avances conseguidos.
- O/A profesor/a de PT e o de AL participarán nas sesións de avaliación e decidirá colexiadamente co resto dos mestres do curso que se está avaliando sobre decisións de avaliación, promoción, medidas de reforzo dos alumnos/as que apoian.
- Seguimento e colaboración en todos aqueles aspectos que teñan relación coa súa especialidade en todo o relativo a medidas específicas extraordinarias que se estean levando a cabo, tanto do alumno, coma dos profesores de aula.

O/A Orientador/a.

É o último responsable da avaliación psicopedagóxica e da toma de decisións que se leve a cabo. Unha vez que se poña en marcha a medida de atención á diversidade decidida, o seu papel será, especialmente, o de coordinar todo o proceso e a todos os implicados. De maneira máis específica podemos sinalar:

- Coordinar a planificación e desenvolvemento das actividades de orientación académica e profesional a través do PAT e do POAP.
- Asesorar á Comisión de Coordinación Pedagóxica proporcionando criterios psicopedagóxicos e de atención á diversidade nos elementos que constitúen os proxectos curriculares.
- Colaborar na prevención e detección de problemas de aprendizaxe.
- Coordinar a avaliación psicopedagóxica cos profesores do alumnado que precisen a adopción de medidas educativas específicas ou extraordinarias, realizando o informe psicopedagóxico.
- Participar na planificación e desenvolvemento das medidas específicas e extraordinarias dirixidas aos alumnos e alumnas que o precisen.
- Colaborar cos tutores/as na toma de decisións de promoción final de ciclo e/ou etapa.
- Manter vieiros de colaboración con equipos, organismos, entidades e profesionais que actúen sobre o alumnado do Centro, para levar a cabo unha

coordinación e seguimento o máis eficaz posible na consecución dos obxectivos propostos.